



Prezada comunidade:

ECOBAS segue a crecer e esta vez o noso anuncio, cheo de ledicia, é para trasladar a máis calurosa benvida de parte de todo o equipo aos novos membros que se incorporan ao centro tras o peche do proceso de adscrición 2024. En total, 42 persoas investigadoras das tres universidades públicas do SUG recibiron a avaliación positiva do Comité Asesor Externo e a conformidade do Consello Reitor de ECOBAS para entrar a formar parte do equipo. Noraboa!!! Estamos felices coa vosa chegada.

Retomamos con esta importante nova a nosa newsletter e saudamos tamén con ilusión ao novo director adxunto de ECOBAS, o profesor da UVigo Pablo Cabanelas, quen foi nomeado polo Consello Reitor para relevar nesta responsabilidade a Xavier Labandeira, tras dous anos de intenso traballo. Dende aquí, as nosas verbas de agradecemento a Xavier polo seu esforzo e bo facer neste periodo de grandes fitos para ECOBAS, e os nosos mellores desexos para o desempeño da nova encomenda asumida por Pablo. A continuación, próximas actividades e novidades de interese para todas e todos vós. Vémonos!!

BENVIDA

## NOVAS INCORPORACIÓNS AO EQUIPO INVESTIGADOR ECOBAS

Sesión de **benvida** para o novo  
persoal investigador adscrito

**Venres, 31 de xaneiro de 2025**  
De 12.00 h a 13.00 h

**Online: directo Ecobas Academy**  
(vía Teams)

**+INFO e REXISTRO en [www.ecobas.gal](http://www.ecobas.gal)**



## AXENDA



### >>> SESIÓN DE BENVIDA PARA O NOVO PERSOAL INVESTIGADOR DE ECOBAS

**VENRES**  
**31/01**  
**12:00H**

ECOBAS Academy (vía Teams) será o punto de encontro virtual para a primeira xuntanza co persoal investigador de nova adscrición 2025. O equipo directivo de ECOBAS dará a benvida aos novos membros e explicará as liñas de funcionamento do noso Centro Interuniversitario.

- DATA: Venres 31 de xaneiro de 2025
- HORARIO: de 12:00 h a 13:00 h.
- Reunión online
- **Imprescindible o rexistro previo AQUÍ**

### >>> EVENTO DO ECOSISTEMA INVESTIGADOR E RECOÑECIMENTO DOS CENTROS CIGUS

**MARTES**  
**11/02**  
**11:30H**

A Secretaría Xeral de Universidades convoca este evento aberto a todo o persoal investigador (predoutorais, posdoutorais, IPs,..) como punto de encontro de todo o ecosistema de I+D, co obxectivo de visibilizar a ciencia excelencia que se fai en Galicia.

- Lugar: Cidade da Cultura de Galicia. Museo do Centro Gaiás, Andar -1. Santiago de Compostela.
- Modalidade: presencial
- Data: Martes, 11 de febreiro de 2025
- **Imprescindible inscrición AQUÍ**
- Consultar coa organización as posibilidadeas de transporte dende Vigo e A Coruña.




XUNTA  
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN,  
CIENCIA, UNIVERSIDADES E  
FORMACIÓN PROFESIONAL

### >>> MESA REDONDA: "TALENTO FEMININO EMERXENTE NAS CIENCIAS SOCIAIS"

**VENRES**  
**14/02/25**  
**12:00H**

Co gallo da conmemoración do Día da Muller e da Nena na Ciencia (IIF), ECOBAS está a preparar a mesa redonda "Talento feminino emerxente nas Ciencias Sociais". Daremos a coñecer o traballo e as caras de mulleres que están a despuntar no noso ecosistema cunha tarefa científica que promete. Moi pronto, os detalles. Reserva a túa axenda!!



## AXENDA



### >>> CIENCIA E CONCIENCIA NO SÉCULO XXI: I XORNADAS DE CENTROS DE INVESTIGACIÓN INTERUNIVERSITARIOS DO SUG

XOVES  
20/02

O Centro de Investigación e Tecnoloxía Matemática de Galicia (CITMAga), Economics and Business Administration for Society (ECOBAS) e o Centro de Investigación Investigación Interuniversitario das Paisaxes Atlánticas Culturais (CISPAC), unen forzas para organizar a **I Xornadas dos Centros de Investigación Interuniversitarios do SUG**.

Ademais de dar a coñecer os tres centros de investigación de nova xeración e achegar aos seus investigadores e investigadoras en estratexias comúns de cooperación, as xornadas servirán para promover un debate social sobre a ciencia no século XXI, a súa vinculación coas necesidades sociais e tamén as ameazas e retos a que se debe enfrontar a investigación nun mundo que muda a unha grande velocidade en termos tecnolóxicos e ambientais, indagando e pensando liñas multi ou transdisciplinar.

- ACTIVIDADE PRESENCIAL
- LUGAR: Cidade da Cultura - Edificio Fontán, Sala 9. Santiago de Compostela
- **INSCRICIÓN IMPRESCINDIBLE [aquí](#)**
- HORARIO: 10:00 h a 18:00 (CET)
- Descarga **[aquí o programa provisional](#)**

### >>> XXXII CONGRESO EBEN ESPAÑA: DINAMIZANDO O CAMBIO PARA UN FUTURO RESPONSABLE, ÉTICO E CENTRADO NAS PERSOAS

21 a 23  
de MAIO

A Facultade de CC. Económicas e Empresariais da Universidade de Santiago de Compostela acolle este ano a celebración do XXXII Congreso EBEN, cita anual que na presente edición establecerá un espazo de diálogo entre persoal docente e investigador e profesionais de diferentes ámbitos par analizar como a dixitalización, a sustentabilidade e a ética poden favorecer cambios nas empresas e na sociedade no seu conxunto.

A investigadora **Lucía Rey Ares**, novo membro permanente do equipo ECOBAS tralo peche do proceso de adscrición de novo persoal, é a vicepresidenta do comité organizador no que tamén participan outros seis membros do noso Centro.



Os traballos aceptados no congreso poderán ter a oportunidade de publicarse en revistas académicas asociadas de prestixio, como: Journal of Family Business Management, International Review on Public and Nonprofit Marketing, Management Letters/Cuadernos de Gestión, Revista Galega de Economía/Galician Journal of Economics, Ramon Llull Journal of Applied Ethics ou RBGN (Revista Brasileira de Gestão de Negócios).

Ademais, ábrese a posibilidade de contribuír cun capítulo no libro People-Centered Digital Technology for Ethical and Sustainable Business Practices, que será publicado por IGI Global, unha editorial recoñecida polo seu posicionamento no primeiro cuartil do SPI en áreas como Economía ou Comunicación.

- Call for abstracts: ata o 15 de febreiro de 2025 (resumo estendido de máximo 1.000 palabras).

## ACCIÓN TRANSFORMADORA



### >>> O LAB-ECOBAS PRESENTA AS CAPACIDADES DO CENTRO EN MATERIA DE TRANSFERENCIA A TRAVÉS DE EXEMPLOS TANXIBLES E INICIATIVAS DE ALCANCE PARA EMPRESAS E INSTITUCIÓN



Dende a elaboración dun Plan Estratéxico para a Industria Musical de Galicia ata a elaboración de informes xurídicos sobre ordenanzas municipais, pasando polo deseño de programas formativos para as entidades locais en materia de xestión de residuos ou a avaliación do impacto das iniciativas de dixitalización en Galicia. Así de variados foron os temas que se empregaron coma exemplo das **capacidades** que o equipo investigador de ECOBAS ofrece ás empresas, organismos e institucións durante a xornada de presentación do LAB-ECOBAS.

Dende o Salón de Graos da Facultade de CC. Económicas e Empresariais, a coordinadora da área de Transferencia de ECOBAS, Isabel Neira, foi a encargada de trasladar ao público presente **o potencial do equipo multidisciplinar** do Centro Interuniversitario, distribuído en toda Galicia, así como as posibilidades que brinda o traballo científico para que empresas, industrias, sectores produtivos, organizacións sen ánimo de lucro, institucións e administracións públicas, enriquezan os seus proxectos á vez que contribúan á mellora da sociedade tanto en termos económicos como de impacto ambiental e social.

ECOBAS está a elaborar o seu **catálogo de transferencia** para ofrecer unha información de detalle sobre as capacidades do equipo investigador e **abrir as posibilidades de colaboración** a todos os axentes interesados.

### >>> ADINA DUMITRU, INVESTIGADORA GARANTE DE ECOBAS, NOVO MEMBRO DO COMITÉ CIENTÍFICO DA AXENCIA EUROPEA DE MEDIO AMBIENTE



**Adina Dumitru**, profesora da UDC e investigadora garante de ECOBAS, vén de ser designada membro do Comité Científico da Axencia Europea de Medio Ambiente. Seleccionada mediante un proceso aberto ao que se postularon 170 profesionais en diversas áreas de especialización de interese para a Axencia, o seu mandato será de catro anos, renovables, con inicio da actividade partir do 1 de xaneiro de 2025. Apaioada da natureza, a saúde e os estilos de vida sostible, como ela mesma se define, a incorporación de Adina Dumitru a este órgano asesor permitirá abordar a temática de "Transicións Xustas" no marco dos programas de traballo da Axencia.

O Comité Científico da Axencia Europea de Medio Ambiente asesora á Xunta Directiva e ao director executivo e componse de destacados científicos independentes dos países membros da Axencia, que cobren diversas áreas ambientais como o uso de recursos, economía circular e residuos, saúde e medio ambiente, océanos e economía azul sostible, biodiversidade, clima e transicións cara á sostibilidade.

**PRODUCCIÓN  
CIENTÍFICA**



>>> **NOVAS PUBLICACIÓNS DE PERSOAL INVESTIGADOR ECOBAS**

**Calvo-Porrál, C.**, Viejo-Fernández, N. (2025)

[A cross-generational analysis of second-hand online shopping: comparing GenX, millennials and GenZ](#)  
*Journal of Consumer Marketing*, Vol. 42, Núm. 1, pp. 93-105

Rodríguez-Arias, A.; Sánchez-Maroto, N.; Guijarro-Berdiñas, B.; Alonso-Betanzos, A.; Lema-Blanco, I.; **Dumitru, A.** (2025)

[An agent-based model to simulate the public acceptability of social innovations](#)  
*Expert Systems*, Vol. 42, Núm. 2

**Iglesias, E. M.** (2025)

[Asymptotic inference for a sign-double autoregressive \(SDAR\) model of order one.](#)  
*Econometric Reviews*, 44(3), 312-334.

**Picatoste, X.**; Tirca, D.M.; **Novo-Corti, I.** (2025)

[Perception about sustainable development goals among Erasmus students in a Spanish university.](#)  
*International Journal of Sustainability in Higher Education*, Vol. 26, Núm. 2, pp. 462-479

**Cabanelas, P.**; Mora Cortez, R.; Pérez-Moure, H.; Lampón, J.F. (2025)

[Sampling and sample size in B2B marketing: Current practices and recommendations](#)  
*Industrial Marketing Management*, Vol. 125, pp. 71-86

**Ruzo-Sanmartín, E.**; Abousamra, A.A.; **Otero-Neira, C.**; Svensson, G. (2025)

[The inside-out dynamics of supply chain integration: the interplay of information technology integration with and by suppliers](#)  
*International Journal of Logistics Management*, Vol. 36, Núm. 1, pp. 89-117

**Iglesias, Emma M.**; Maixé-Altés, J. Carles (2025)

[The money market in transition: from city-based market arbitrage to a central banking system in nineteenth-century Spain](#)  
*Financial History Review*, pp. 1-28

Turienzo, J.; **Cabanelas, P.**; Lampón, J.F.; Parkhurst, G. (2025)

[The transformation of mobility in Europe: Technological change and social conditionings](#)  
*Travel Behaviour and Society*, Vol. 38

Ricoy-Casas, R.M.; **Fernández-González, R.**; Santos-Garrido, M. (2025)

[Underrepresented students and artificial intelligence](#)  
*European Public and Social Innovation Review*, Vol. 10

## AXUDAS E CONVOCATORIAS



### >>> AXUDAS PARA CONSOLIDAR, ESTRUTURAR E ESPECIALIZAR AS UNIDADES DE INVESTIGACIÓN MÁIS COMPETITIVAS DO SISTEMA GALEGO DE I+D+i

Cunha dotación de 29,1M€, esta convocatoria ten por obxecto o financiamento do labor das unidades de investigación máis excelentes de Galicia. O importe das axudas pode chegar ata os 105.000 € ao ano por grupo. **Prazo ata o 24 de febreiro.** Tres modalidades:

- **Modalidade A: Grupos de referencia competitiva (GRC).** Consolidación de grupos de investigación que pola súa produción científica e a súa actividade de I+D constitúan unha referencia no Sistema galego de I+D+i.
- **Modalidade B: Grupos con potencial de crecemento (GPC).** Consolidación de grupos de investigación que pola súa produción científica e a súa actividade de I+D amosan potencial de crecemento ata converterse en grupos de referencia do sistema de I+D+i galego
- **Modalidade C: Proxectos de excelencia.** Proxectos de investigación a investigadores ou investigadoras individuais que, contando cunha traxectoria excelente consolidada ou en formación, teñen que afianzar unha liña de traballo baseada en proxectos de alto impacto fundamentalmente nos ámbitos nacional e internacional.

### >>> MAPA DE APOIOS DA XUNTA DE GALICIA Á I+D+i 2025

Este instrumento, elaborado no marco da Comisión Interdepartamental de I+D+i da Xunta de Galicia e aliñado coa Estratexia de Especialización Intelixente de Galicia 21-25 (RIS3), pretende servir como unha guía para os axentes do ecosistema galego de I+D+i, incluíndo información de interese sobre as distintas ferramentas de apoio á I+D+i da administración autonómica que lles permita ter unha visión integral e planificar a súa actividade.

[Descarga aquí o mapa de apoios 2025](#)

### >>> XORNADA DE PRESENTACIÓN DAS CONVOCATORIAS DO EUROPEAN INNOVATION COUNCIL (EIC) EN 2025



Nesta xornada presentaranse os instrumentos de financiamento do Consello Europeo de Innovación, a entidade de Horizonte Europa que financia todo tipo de innovación: o EIC Accelerator, o EIC Pathfinder e o EIC Transition.

- Modalidade: Presencial. [Preme aquí para realizar a túa inscrición.](#)
- Lugar: Sede da Axencia Galega de Innovación. Rúa Airas Nunes, s/n, Santiago de Compostela
- Data: 29/01/25 de 10.00 h a 14.00 h
- [Descarga o programa aquí](#)

## AXUDAS



### >>> AXUDAS PARA ESTADÍAS NO ESTRANXEIRO “JOSÉ CASTILLEJO” E “PARA PERSOAL DOCENTE INVESTIGADOR SENIOR” 2024

Resolución da Secretaría de Estado de Ciencia, Innovación y Universidades pola que se convocan, por tramitación anticipada, subvencións para estadías no estranxeiro para persoal docente e investigador, dentro do Subprograma Estatal de Formación, Atracción e Retención do Talento, no marco do Plan Estatal de Investigación Científica, Técnica e de Innovación (PEICTI) 2024-2027.

Dúas modalidades:

- Modalidade Junior José Castillejo. Estadías de mobilidade no estranxeiro «José Castillejo» para xóvenes doutores.
- Modalidade Senior. Estadías de persoal docente e/ou investigador senior en centros estranxeiros.

**Prazo** de presentación de solicitudes aberto ata as **14:00 horas do 6 de febreiro de 2025**.

\*\* Consulta os prazos para a tramitación previa da túa universidade.

### >>> AXUDAS BEATRIZ GALINDO PARA A ATRACCIÓN DO TALENTO INVESTIGADOR 2024

- Plan Estatal de Investigación Científica y Técnica y de Innovación 2024-2027
- Prazo: do 10/01/25 ao 08/02/25
- Beneficiarias: as universidades públicas españolas, ata un máximo de 5 axudas.
- Obxecto: a contratación por parte das universidades públicas españolas, durante un periodo mínimo de 4 anos, de persoas con experiencia docente e investigadora n o estranxeiro. A modalidade de contratación será na categoría de profesor/a o investigador/a distinguido/a.
- Dúas modalidades:
  - **Modalidade senior**, destinada á contratación de persoas con alomenos 7 anos de experiencia docente e investigadora no estranxeiro desde a obtención do título de doutor/a e que presenten unha vinculación contractual ou similar no exterior na data da publicación da presente convocatoria no BOE.
  - **Modalidade junior**, destinada á contratación de persoas con menos de 7 anos de experiencia docente e investigadora no estranxeiro dende a obtención do título de doutor/a e que presenten unha vinculación contractual similar no exterior na data da publicación da presente convocatoria no BOE.

## MÁIS COMUNIDADE



### >>> AXUDAS PARA CONTRATOS PREDOUTORAIS PARA A REALIZACIÓN DE TESES DOUTORAIS EN UNIVERSIDADES ESPAÑOLAS (FPU)

- Plan Estatal de Investigación Científica y Técnica y de Innovación 2024-2027
- Prazos: do 17/01/25 ata o 14/02/25
- Beneficiarias: persoas que se encontran en posesión do título de grao e que estean matriculadas nun programa de doutoramento nunha universidade española no curso 2024-2025, no momento de presentación das solicitudes.
- [Preme aquí para acceder á solicitude a través da sede electrónica](#)

### >>> AXUDAS PARA CONTRATOS TORRES QUEVEDO (PTQ) 2024

- Plan Estatal de Investigación Científica y Técnica y de Innovación 2024-2027
- Prazo: ata o 28/01/25
- Beneficiarias: poderán ser entidades beneficiarias as empresas, entre as que se inclúen as empresas "spin-off" e las JEl, os centros tecnolóxicos, os centros de apoio á innovación tecnolóxica, as asociacións empresariais e os parques científicos e tecnolóxicos.

## ÚNETE Á COMUNIDADE ECOBAS

Aínda non nos segues nas redes sociais? Únete a nós e non perdas nada do que acontece na nosa comunidade. Agardámoste!!



[www.ecobas.gal](http://www.ecobas.gal)

